

## SEMANA DO 8 AO 12 DE XUÑO

### LUNS 8

-Lemos a lectura “**Un achado inesperado**” das páxinas 160 e 161. Primeiro fano **en silencio, sós**, dúas veces. Despois pedímoslle que nos conten a lectura e, para rematar, lémosla en voz alta e poñemos en común aquilo que pensamos que lles faltaba cando a contaron.

-Copiamos o vocabulario da lectura que está en vermello e búscamolo no dicionario que hai ao final do libro, escribíndoo na libreta coa súa definición.

### MARTES 9

-Volven ler a mesma lectura coas definicións ao lado e cando chegan á palabra en vermello len a definición.

-Fan as preguntas da comprensión lectora da páxina 162.

### MÉRCORES 10

-Escriben unha oración con cada unha das palabras que buscaron no dicionario sobre a lectura e fan un debuxo dunha delas.

### VENRES 12

## XOGO: FROITA-FROITA, FÓRA

**-Lemos como se xoga ata que o entendamos e o saibamos explicar. (Despois é decisión de cadaquén facelo ou non).**

Pódese facer na casa, na area da praia, marcalo cun pau na terra ou podemos pintalo cunha pedra ou xiz nun lugar de cemento.



Nome:  
**FROITA – FROITA,  
FÓRA**

Materiais:

- Cinta, xiz, un pau ou pedra para marcar o chan.
- Cartón ou folios se se fai dentro da casa. De facelo fóra non se precisa.

Preparación:

- Pintamos no chan seis cadrados iguais. Se non podemos pintar, marcamos os seis cadrados con cinta.

En cada un dos cadrados poñemos o nome de diferentes cousas. Por exemplo: froitas, cores, cidades, animais, deportes e emocións. Podemos poñer tamén nomes (de persoas), mobles, comidas...

Dinámica de xogo:

- Xógase de forma individual. O xogo comézase dando saltos cos dous pés xuntos sobre o primeiro cadrado e dicindo “froitas – froitas, fóra”.
- Acto seguido percorremos todos os cadrados saltando á pata coxa e dicindo (dúas veces) en cada un deles unha froita distinta. Exemplo: “Froita – froita, fóra. Mazá - mazá, kiwi - kiwi, laranxa - laranxa, fresa - fresa, melón - melón, sandía - sandía”.
- Non se pode parar a pensar. No caso de non saber que dicir durante o percorrido, perderíamos a quenda e pasaría a xogar a/o seguinte xogador/a.
- Se non se perde a quenda, pasaríamos ao seguinte cadrado. E faríamos o mesmo: “Cores – cores, fóra”. Así ata completar os seis cadrados.
- Gañará quen realice antes todo o percorrido.

**-Ánimo! E poñédeo en práctica pola tarde ou durante a fin de semana.**

Por se queredes consultar xogos tradicionais, este foi sacado deste enlace:

<http://xogos-tradicionais-corentena.weebly.com/xogos-tradicionais.html>